



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Historia da Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02020
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo histórico da lingua galega e portuguesa: evolución externa e interna.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber analizar e comentar textos de diverso tipo (antigos e modernos, escritos e orais, literarios e non literarios etc.)	A1 A2 A9 A11 A16	B5 B8	
Ter un dominio avanzado oral e escrito da lingua galega e portuguesa.	A4 A9 A21 A22		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e aplicar os coñecementos lingüísticos á análise diacrónica	A11 A14 A15		
Coñecer a historia e a cultura de Galiza e dos países de expresión portuguesa e mais a súa situación sociolingüística	A19 A20 A23 A24		
Coñecer a variación lingüística nos territorios galegófonos e lusófono, e apreciar a diversidade lingüística, social, cultural etc.	A25 A26	B8 B10	
Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega e portuguesa, desde a Gallaecia e Lusitania (latín) á actualidade.	A13 A27 A28		
Utilizar recursos bibliográficos de tipoloxía variada e ferramentas tecnolóxicas acaídas para a investigación lingüística e a autoformación.	A14	B1 B2 B3 B6	C3 C6



Integrar e relacionar os coñecementos con outras áreas e disciplinas máis ou menos afíns		B3 B4 B5 B7 B8	C1 C2 C6
Exercer o pensamento crítico, con capacidade de análise e de síntese, orientado a comprender a importancia do coñecemento como motor do avance social e garantía dunha sociedade libre		B7 B9 B10	C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción á historia da lingua e á diacronía lingüística.	1.1. Historia e constitución como disciplina científica. Métodos de análise. 1.2. A mudanza das linguas. 1.3. A importancia da diacronía nos estudos lingüísticos.
2. O nacemento da lingua galego-portuguesa.	2.1. Contexto histórico. O latín galaico, os substratos e os superestratos. 2.2. Do latín ao galego-portugués.
3. O galego-portugués medieval.	3.1. Contexto histórico, social e cultural. 3.2. Características lingüísticas e evolutivas desde o latín.
4. A diversificación do sistema lingüístico.	4.1. O galego: evolución sociohistórica e transformacións lingüísticas. 4.2. O portugués continental: contexto sociohistórico, periodización e mudanzas lingüísticas. 4.3. O portugués do Brasil: contexto e evolución lingüística. 4.4. Outras variedades do portugués.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A11 A13 A19 A20 A25 A26 A27 A28 B5	26	39	65
Obradoiro	A4 A9 A14 A16 B4 B6 B7 B8 B10 C1 C4	20	25	45
Lecturas	A2 A4 A9 A11 A14 A21 A22 B1 B2 B3 B6 B7 C1 C2 C6 C7	1	13	14
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A11 A14 A15 A24 B1 B2 B3 B5 B6 B9 C1 C2 C3 C5 C7 C8	2	16	18
Proba mixta	A1 A2 A4 A19 A20 A23 A25 A26 A27 A28 B4 B5	1	6	7
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías



Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, comentarios de textos antigos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor, coa correspondente entrega, por parte do alumnado, de resumos e/ou recensións.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesor, escolleito entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes etc.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A4 A9 A14 A16 B4 B6 B7 B8 B10 C1 C4	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais (análise de textos, estudo de fontes documentais etc.).	15
Lecturas	A2 A4 A9 A11 A14 A21 A22 B1 B2 B3 B6 B7 C1 C2 C6 C7	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor: será avaliada a través das correspondentes recensións e/u comentarios críticos entregados. Será valorada a capacidade de síntese, o rigor e clareza expositiva, así como a calidade lingüística.	15
Proba mixta	A1 A2 A4 A19 A20 A23 A25 A26 A27 A28 B4 B5	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade lingüística das respostas.	50
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A11 A14 A15 A24 B1 B2 B3 B5 B6 B9 C1 C2 C3 C5 C7 C8	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 4 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación. A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non realizar a proba mixta e/ou cando tiver entregado menos de 50% do número de actividades totais.

O alumnado terá de entregar os traballos e actividades no prazo fixado e deberán cumprir unha esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión lexica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle). Por outra parte, calquera falta de honradez académica (plaxio, isto é, utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a procedencia, copia de traballos, copia nos exames, ou calquera outra forma de actuación similar) será penalizada de acordo co establecido na normativa académica.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico. Tamén deberán contactar co profesorado aquelas persoas cuxo horario laboral for incompatíbel co seguimento da materia, mais que non cumpriren as condicións para obteren a dispensa académica; após as pertinentes comprobacións, poderán ter condicións de avaliación equivalentes aos casos da dispensa académica.

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precisar da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); ou, alternativamente, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Na segunda oportunidade, en xullo, será tida en conta a seguinte distribución: proba mixta (50), traballo tutelado (30), lecturas (20). Se houber convocatoria adiantada de decembro, os criterios de avaliación serán os mesmos que os de xullo.



Bibliografía básica	- Brocardo, Maria Teresa (2014). Tópicos de História da Língua Portuguesa. Lisboa: Colibri - Câmara Jr., José Mattoso (1991). História e Estrutura da Língua Portuguesa. Rio de Janeiro: Padrão-Livraria Editora Ltda. - Castro, Ivo (1991). Curso de História da Língua Portuguesa. Lisboa: Universidade Aberta - Castro, Ivo (2006). Introdução à História do Português. Lisboa: Colibri - Cunha, Antônio Geraldo da (1997). Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa. Rio de Janeiro: Nova Fronteira - Ferreira, Manuel (1999). Gramática histórica galega. Vol. I. Fonética e morfosintaxe. Santiago: Laiovento - Ferreira, Manuel (2001). Gramática histórica galega. Vol. II. Lexicoloxía. Santiago: Laiovento - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002). Língua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laiovento - Labow, William (2006). Principio del cambio lingüístico, 2 vols.. Madrid: Gredos - Maia, Clarinda de Azevedo (1997). História do Galego-Português. Estado Lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século XIII ao Século XVI. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / JNICT - Mariño Paz, Ramón (1998). Historia da lingua galega. Santiago: Sotelo Blanco - Mariño Paz, Ramón (2017). Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega. Vigo: Xerais - Monteagudo, Henrique (1999). História social da lingua galega. Vigo: Galaxia - Nogueira, Camilo (2008 [2001]). A memoria da nación: o reino da Gallaecia. Vigo: Xerais - Rivas Quintas, Eligio (2015). Dicionario Etimolóxico da Lingua Galega. Santiago: Tórculo - Rodríguez, Francisco (2021-2022). Unha etapa etelar e conflitiva de Galiza (2 vols.). Galiza: AS-PG - Spina, Segismundo (coord.) (2011). História da Língua Portuguesa. São Paulo: Ateliê Editorial - Teyssier, Paul (1995). História da Língua Portuguesa. Lisboa: Sá da Costa Obras de lectura obrigada: 1. Mariño Paz, Ramón (1998): Historia da lingua galega, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, pp. 17-74.2. Dossier:a) Nogueira, Camilo (1996): ?Sobre as orixes da cuestión nacional galega: A división de Gallaecia e a creación do estado portugués? (I e II), A Trabe de Ouro, 25, pp. 11-25; 26, pp. 215-235.b) Barros, Anabela Leal de (2002): ?Contributos para a caracterización morfolóxica e sintáctica do galego-português: o estado da lingua na Crónica Troiana?, en História da Língua e História da Gramática (Actas do Encontro), Braga: Universidade do Minho / Centro de Estudos Humanísticos, pp. 25-71.c) Brocardo, Maria Teresa (2004): ?Do português antigo ao português médio?, en Tópicos de Historia da Língua Portuguesa. Lisboa: Edições Colibri, pp. 203-124.3. Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2002 [1997]): Língua galega: Normalidade e conflito, Santiago de Compostela: Laiovento (5ª ed.).4. Larson, Pär (2019 [2018]): A lingua das cantigas. Vigo: Galaxia.5. Teyssier, Paul (1987 [1980]): História da língua portuguesa, Lisboa: Livraria Sá da Costa.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías